

Compostela, 6-X-1953

Meu querido Luís:

O noso común amigo Domingo tróuxome, ademais de moitas noticias da tua vida ahí, un fermoso grabado teu con unha garbosa adicatoria. Non sabes canto cho agradeceín. Eu conoecía ese grabado porque fora reproducido nun número extraordinario de "GALICIA". Encarregueille a Domingo que me conquistara un exemplar dese número de "Galicia". ~~Xa~~ te podes maxinar a miña sorpresa - e tamén a miña emoción - cando, en lugar da revista, entregoume o grabado. Ese grabado teu e máis outro que me regalou o Maside fanme compañía permanentemente na biblioteca, que é o meu lugar de traballo.

Xa sei que vas a facer un gran mural e tamén que estes días estás facendo unha exposición; canto me gustaría poderla visitar! A derradeira que vin ^{pietura} foi na que fixo eiquí o Maside fai uns meses, que foi verdadeiramente espléndida.

Na revista "LAR" de ahí saíu un traballinho meu adicado ó teu libro "Fardel de exilado". O malo é que ten erratas dabondo.

Bueno, querido Luís, recibe o meu agradecemento pol-o grabado e unha aperta moi forte do teu bo amigo

Ramón Piñeiro